



Noia Harp Fest despide a súa 12ª edición coa Gala de Entrega do Premio Portus Apostoli

O Teatro Coliseo Noela acollerá a estrea mundial da peza *Cuatro historias gallegas*, de Federico Beilinson, e da mención de honra *Folías celtas*, de Gabriel Bussi, que serán interpretadas pola Real Filharmonía de Galicia baixo a dirección de Sebastian Zinca e con Claudia Besné e Francesca Romana Di Nicola coma solistas

As últimas entradas dispoñibles para a Gala, na que tamén se poderán escoitar obras de Debussy e Ravel, están á venda en www.ataquilla.com

Noia, 6 de agosto de 2025.- O Noia Harp Fest prepárase para despedir a súa 12ª edición. Tras gozar de catro xornadas de concertos con Ana Crismán, Bleuenn Le Fric, Kevin Le Pennec, Quico Comesaña ou Rebecca Hill, mañá, xoves 7 de agosto, porá o ramo coa celebración da Gala de Entrega do III Premio Internacional de Composición Portus Apostoli. Durante a mesma producirase a estrea mundial da obra gañadora, titulada *Cuatro historias gallegas*, do guitarrista e compositor arxentino Federico Beilinson; mais tamén a mención de honra, *Folías Celtas*, do uruguaio afincado na Coruña Gabriel Bussi.

Precisamente esta mañá o Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela acolleu o ensaio xeral das obras, ao que tamén asistiron, ademais de Beilinson e Bussi, o codirector do Noia Harp Fest, Rodrigo Romaní; e a directora técnica da **Real Filharmonía de Galicia**, Sabela García Fonte. A RFG, baixo a dirección de **Sebastian Zinca**, será a responsable de interpretar as pezas, nas que se acompañará de dúas recoñecidas arpistas: **Claudia Besné**, quen regresa ao festival após o seu exitoso paso hai dous anos, e **Francesca Romana Di Nicola**. Ademais, a orquestra tamén ofrecerá un repertorio no que se incluírán pezas de Claude Debussy e Maurice Ravel. As **últimas entradas** para asistir á cita, que terá lugar no Teatro Coliseo Noela a partir das 20.30 horas, están á venda na plataforma www.ataquilla.com. O concerto contará coa presenza tanto dos autores coma de representantes do **Concello de Noia, Deputación da Coruña e Xunta de Galicia**.

O **Premio Internacional de Composición Portus Apostoli** é certame innovador promovido polo Noia Harp Fest e polo Concello de Noia que procura aumentar o repertorio para arpa e orquestra. A súa [cuarta convocatoria, aberta a compositoras e compositores de todo o mundo, xa está en marcha desde o mes de maio](#) e recibirá partituras orixinais ata decembro. Coa estrea da última gañadora, e grazas á colaboración da Real Filharmonía de Galicia, o Festival Internacional de Arpa Vila de Noia bota o pano até o 2026.



NOIA HARP FEST

O Festival Internacional de Arpa Vila de Noia (Noia Harp Fest) é o único festival dedicado ao instrumento en todo o noroeste peninsular. A interpretación musical a través da arpa é o eixe que vertebra unha programación que, cada verán, reúne diferentes bandas e solistas sobranceiras, tanto galegas coma internacionais, de **distintos estilos e orixes**.

O Noia Harp Fest, que decorreu do 30 de xullo ao 2 de agosto e que mañá xoves celebra a Gala de Entrega do Premio Portus Apostoli, presenta un cartel con **cinco xornadas de concertos** con arpistas de Galicia, Andalucía, Bretaña, Colombia, Escocia, Italia, País Vasco ou Valencia. Ana Crismán, Alba Barreiro e Fernando Raña, Bleuenn Le Friec, Claudia Besné, D'Súpeto, Francesca Romana Di Nicola, Juliette Commeaux, Kevin Le Penne, Laia Blasco, Noela Cotuna, Quico Comesaña, Rebecca Hill & Charlie Stewart e Yofre Brito, ademais da Real Filharmonía de Galicia, actúan nun evento que tamén promove o único Encontro do alumnado de arpa das escolas de Galicia.

Este 2025, Noia acolle **trece actuacións** (doce concertos e unha gran foliada de benvida) nun total de **sete escenarios**, como son a mítica Praza do Tapal, o Liceo de Noia, a Praza do Curro, a Igrexa Museo Santa María A Nova, o Teatro Coliseo Noela e tanto a Igrexa coma o Claustro de San Francisco. A 12ª edición do festival está organizada por Nalgures Produccións, baixo a dirección da asociación Noia Harp Fest, e conta co apoio institucional do Concello de Noia, Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia no marco dos Concertos do Xacobeo, e de Acción Cultural Española AC/E; ademais da colaboración da Deputación da Coruña.

AXENDA NOIA HARP FEST | XOVES 7 DE AGOSTO 2025

20.30h | Teatro Coliseo Noela

*Gala de Entrega do III Premio Internacional de Composición Portus Apostoli **

Real Filharmonía de Galicia

Sebastian Zinca, director

Claudia Besné, solista

Francesca Romana di Nicola, solista

* Asisten o concelleiro de Cultura de Noia, **José Pérez**; a deputada de Cultura da Deputación da Coruña, **Natividade González**; a deputada de Igualdade e Normalización Lingüística, **Soledad Agra**; e a delegada territorial da Xunta de Galicia na Coruña, **Belén do Campo**.

Kit de prensa Noia Harp Fest https://cutt.ly/NHF_25

Contacto de prensa Noia Harp Fest Lucía Pita - 675 404 321 lucia.pita@theofficeco.es